



ACTA DO SORTEO PÚBLICO DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NOS OBRADOIROS TEATRAIS DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DE VIGO PARA O CURSO 2012-2013

En data 12 de setembro de 2012 reuniuse a Comisión de Valoración do Programa de “Obradoiros teatrais para o curso 2011-2012” da Escola Municipal de Teatro de Vigo, estando integrada pola directora da escola, Antonia Céspedes Balongo, o mestre e xefe de estudos, Leonel García Laborde.

Analizadas pola comisión as solicitudes recibidas, a Comisión de Valoración adoptou entre outros o seguinte acordo:

Convocar para a celebración do sorteo público das prazas, ás 12:00 horas o mércores 12 de setembro de 2012, nas instalacións da Escola Municipal de Teatro, na Avenida de Castelao nº87 (interior), aos solicitantes no período comprendido dende o 1 de xuño ata o 7 de setembro de 2012, dos obradoiros de Expresión Dramática I, Expresión Dramática II e Expresión Teatral por exceso de demanda fronte a oferta de prazas:

2. **Expresión Dramática I:** 30 prazas dispoñibles, fronte a unha demanda de 48 prazas, das cales 10 son reserva do curso 2011-2012.
3. **Expresión Dramática II:** 20 prazas dispoñibles, fronte a unha demanda de 33 prazas, das cales 13 son de reserva do curso 2011-2012.
4. **Expresión Teatral:** 40 prazas dispoñibles, fronte a unha demanda de 44 prazas, das cales 26 son de reserva do curso 2011-2012.

Os anteditos alumnos/as foron convocados /as para asistir ao devandito sorteo.

Reunidos todos os/as asistentes, procedeuse a realizar o sorteo. Ordenadas as listas dos obradoiros de Expresión Dramática I, Expresión Dramática II e Expresión Teatral, por orde alfabético, asignouse un número en orde crecente a cada persoa preinscrita. Posteriormente realizouse o sorteo, incluíndo nunha urna todos os números asignados, e ordenando de novo a lista según a orde resultante do sorteo.

No caso do obradoiro de Expresión Dramática I asignáronse as 20 prazas dispoñibles aos primeiros 20 números sacados, deixando en lista de espera os 18 últimos números .

No caso do obradoiro de Expresión Dramática II asignáronse as 7 prazas dispoñibles aos primeiros 7 números sacados, deixando en lista de espera os 13 últimos números

E no caso de Expresión Teatral asignáronse as 14 prazas dispoñibles aos primeiros 14 números sacados , deixando en lista de espera os 4 últimos números.

Vigo, 12 de setembro de 2012

A Directora da EMT

O mestre e xefe de estudos